



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/09/2011 09:30  
Nº Rexistro: 70414  
Data envío: 13/09/2011 19:22:27.796

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Braco Parga e Isabel Sánchez Montenegro**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Con data 26 de abril de 2011, a Comisión Provincial de Vivenda de A Coruña publicaba a resolución de inicio do proceso de selección de adxudicatarios/as de 32 vivendas protexidas de promoción pública, en réxime de aluguer, no Concello de As Pontes (expediente C2006040), para maiores de 60 anos e menores de 35.

Con posterioridade, o de 3 de xuño de 2011, publicouse no taboleiro de anuncios do Concello de As Pontes unha folla na que aparecía só o listado de adxudicatarios/as provisionais resultantes do proceso de selección, na que o número de vivendas adxudicadas era de 23.

Por este motivo o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

1.<sup>a</sup>) Cal é a motivación para iniciar o proceso de selección de adxudicatarios/as de 32 vivendas protexidas de promoción pública, en réxime de aluguer, no Concello de As Pontes o 26 de abril de 2011?

2.<sup>a</sup>) Dos adxudicatarios/as provisionais, cantos son menores de 35 anos?, e maiores de 60 anos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.<sup>a</sup>) Por que só se adxudican 23 vivendas?

4.<sup>a</sup>) Por que non se publica a lista de agarda?

5.<sup>a</sup>) En que estado está o proceso de verificación de requisitos?, tense producido algunha exclusión?, por que causa ou causas?

6.<sup>a</sup>) Considera a Consellaría que o procedemento para a adxudicación das vivendas foi áxil e transparente?

7.<sup>a</sup>) Que ten previsto facer a Consellaría coas vivendas sen adxudicar?

8.<sup>a</sup>) Contempla a Consellaría a aplicación de novos prazos para a inscrición de posíbeis adxudicatarios/as?


9.<sup>a</sup>) Considera viábel a Consellaría a aplicación do procedemento de adxudicación directa segundo o artigo 53 da Lei 18/2008?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 13/09/2011 19:21:07**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 13/09/2011 19:21:12**